




Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA. DIRECCIÓN DE URBANISMO SFAG	<i>Documento</i> 6611810095	
<i>Código de verificación</i>  0P5X 6S1B 642L 7263 19K8	<i>Expediente</i> 661/2024/31	
	<i>Fecha</i> 01-08-2024	

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS PARA A INTERVENCIÓN E CONTROL NA EXECUCIÓN DAS OBRAS, IMPLANTACIÓN DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES OU SERVIZOS.

Co o obxectivo de incrementar a participación da cidadanía nos procedementos de elaboración das normas, nos artigos 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), establece que con carácter previo á elaboración dun proxecto ou anteprojecto de lei ou regulamento, deberá levarse a cabo unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

En cumprimento de esta disposición, convoco unha consulta pública a través do portal web do Concello de A Coruña con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e o control na execución das obras, implantación das instalacións e actividades ou servizos, acerca dos seguintes extremos:

ANTECEDENTES NORMATIVOS

O Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 21 de xullo de 2014 aprobou definitivamente o texto da ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e o control na execución das obras, implantación das instalacións e actividades ou servizos, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 151 do 11 de agosto de 2014.

A ordenanza aprobouse coa finalidade de establecer unha regulación dos procedementos que deben rexer na intervención das obras e usos do solo, inspección e control da execución de obras, implantación de actividades e servizos e usos del solo, no novo marco xurídico establecido pola Directiva 2006/123 CE, de 12 de decembro, desenvolto pola Lei 17/2009 de 23 de decembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a lei 25/2009 de 22 de decembro de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades e servizos e o seu exercicio, a Lei 2/2011 de 4 de marzo, de Economía Sostible de 4 de marzo, la Lei 12/2012 de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio y de determinados servizos e la Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, de modo sistemático e coordinado coa regulación específica da ordenación do territorio, a normativa urbanística e medioambiental, a seguridade cidadá e a orde pública vixentes no ámbito estatal e na Comunidade Autónoma de Galicia.



Concello da Coruña

Á data de aprobación desta ordenanza, a citada Lei 9/2013 do 19 de decembro xa establecera a comunicación previa como título habilitante para o exercicio de actividades e prestación de servizos coas excepcións reservadas ao réxime de licenza.

Con posterioridade á aprobación da ordenanza, a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, establece xa con carácter xeral en materia de procedementos administrativos, a declaración responsable e a comunicación previa como documentos de inicio en procedementos tramitados a instancia de parte.

No ámbito da normativa urbanística autonómica é a Lei 2/16 do 10 de febreiro do Solo de Galicia a que prevé a comunicación previa como título habilitante para a realización das obras, mantendo o réxime de licenzas para os supostos expresamente sinalados na mesma. E de igual modo o Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento en desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia. Debido a posteriores modificacións da Lei e o regulamento, a clasificación das intervencións suxeitas a licenza ou a comunicación previa e o procedemento que ha de rexer as tramitacións, experimentaron cambios, posibilitando, entre outros aspectos, a tramitación a través de entidades de certificación de conformidade municipal, que xa estaban previstas en materia de actividades pola Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

No ámbito das actividades, aprobouse o Decreto 144/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e a Lei 10/2017 do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que modifica a Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e a competitividade económica de Galicia e o citado regulamento.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN.

A Lei 2/16 do 10 de febreiro do Suelo de Galicia e o Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei, constitúen o marco normativo autonómico de regulación dos títulos habilitantes para a execución de actos de edificación e usos de solo, dos procedementos de tramitación da licenza e comunicación previa como instrumentos de control municipal dos devanditos actos. Desde a súa entrada en vigor, esta normativa experimentou, entre outras, diversas modificacións que afectan ás devanditas regulacións

O artigo 17 da Lei 18/21 de medidas fiscais e administrativas (DOG de 31.12.2021), modifica o artigo 143.3 da Lei 2/16 do 10 de febreiro do Solo de Galicia e dispón que as licenzas urbanísticas outorgaranse ao proxecto básico conforme ao que xa establecía o Código Técnico da Edificación. Aínda que para o inicio das obras é necesario presentar o proxecto de execución e obter unha verificación positiva do mesmo para que constitúa título habilitante para o inicio das obras.

O artigo 142.2 da Lei 2/16 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, establece expresamente as actuacións urbanísticas que quedan suxeitas ao réxime de licenza e no seu apartado 3 dispón con carácter xeral a comunicación previa como título habilitante para o restos de actos de edificación e uso de solo que non estean suxeitos a licenza. O artigo 14 da Lei 7/22 do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia (DOG de 30.12.2022), suprime o apartado g) do artigo 142.2 e establece a comunicación previa como título habilitante para a



Concello da Coruña

primeira ocupación dos inmobles. Así mesmo, incorpora o artigo 146 bis da Lei 2/16 LSG e prevé a posibilidade da tramitación licencias e comunicacións previas de obras a través de entidades de certificación de conformidade municipal.

A Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece un novo marco normativo dos espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos nos que se realizan os devanditos espectáculos e actividades recreativas, Modifica o artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, establecendo con carácter xeral a declaración responsable como título habilitante para a apertura dos establecementos abertos ao público no que se desenvolven espectáculos públicos e actividades, así como para a organización destas actividades e espectáculos, na actualidade clasificados no catálogo aprobado por Decreto 124/2019 do 5 de setembro; reservando a licenza por razón de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde públicas e protección do medioambiente a aqueles supostos establecidos expresamente no artigo 41 da Lei 9/2013. Así mesmo esta Lei faculta aos concellos á recepción e comprobación das declaracións responsables para os espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan con carácter extraordinario e á autorización para ampliacións e reducións do horario nos supostos e circunstancias na orde que regula con carácter xeral os horarios destas actividades e espectáculos (na actualidade a Orde do 23 de outubro de 2020).

A aprobación e entrada en vigor das normas que se citan así como as súas posteriores modificacións, aínda que de aplicación directa por razón de rango superior, obrigan á adaptación da ordenanza municipal mediante unha modificación da mesma para actualizar os procedementos de control na intervención na edificación e usos do solo, implantación e exercicios de actividades e servizos.

OBXECTIVOS DA MODIFICACION DA ORDENANZA

Os obxectivos da modificación da ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos (aprobada definitivamente por acordo do Pleno municipal adoptado en sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 151 do 11 de agosto de 2014) son:

- A adaptación do seu contido ao establecido na vixente lexislación urbanística e de actividades e normativa en desenvolvemento da mesma.
- Implantar dinámicas que permitan axilizar os trámites administrativos, incluíndo a intervención de entidades de certificación de conformidade municipal debidamente constituídas, autorizadas e rexistradas, en expedientes de actividades e obras, excluindo dos últimos cando se trate de obras a realizar en inmobles catalogados no plan xeral ou planeamento de desenvolvemento e en todo o ámbito do Plan Especial de protección e reforma interior de Cidade Vella e Peixaría.
- Divulgar os procedementos de obrigada observancia para garantir na medida do posible unha seguridade xurídica ás distintas partes implicadas na tramitación dos procedementos de intervención e control de edificación e usos do solo e implantación e exercicio de actividades ou servizos.



POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS.

A regulación dos procedementos conforme o previsto na lexislación e normativa de desenvolvemento da mesma, así como no plan municipal, debe facerse mediante ordenanza.

A Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a lei 2/16 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a Lei 1/2019 do 22 de abril de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, así como os Decretos 143/2016 e 144/2016 do 22 de setembro, Decreto 124/2019 do 5 de setembro, conteñen un mandato aos concellos para que aproben ou adapten as súas ordenanzas para a regulación das previsións contidas na dita normativa e que lles corresponden en exercicio das súas competencias, entre outras, plans de inspección urbanística e de espectáculos públicos e actividades recreativas, adaptación das actividades recreativas e espectáculos públicos ao catálogo aprobado por decreto 124/2019 do 5 de setembro, simplificación de procedementos mediante intervención de entidades de certificación de conformidade municipal, procedementos de comunicación e verificación de documentación presentada cos títulos habilitantes de declaración responsable e comunicación previa.

Polo que para dar cumprimento a estes mandatos e ter unha regulación adaptada á normativa urbanística e de actividades vixente na comunidade autónoma de Galicia, procede abordar unha modificación da ordenanza municipal reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O Concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda,

Asdo.: Francisco Dinís Díaz Gallego.